

O apartado científico conta co apoio da Real Academia de Ciencias e a Universidade de Vigo

O Museo do Mar ofrece o máis completo debate público sobre o impacto do Prestige nos últimos tres anos

O ciclo de conferencias reunirá durante dous meses a expertos no eido medioambiental, económico e social

Vigo, 25 de outubro- O Museo do Mar de Galicia ofrecerá ós seus visitantes o máis completo debate público sobre a evolución do desastre do Prestige, coincidindo co terceiro cabodano do accidente que provocou un gran impacto ambiental, económico e mesmo sociolóxico en Galicia. A intención deste novo ciclo de conferencias –leva por título ‘Prestige: así están as cousas tres anos despois’- é dar a coñecer o traballo e as opinións dos expertos que seguiron a evolución do desastre ó longo destes tres anos.

Ó longo de dous meses, pasarán os mellores investigadores –biólogos, economistas...- do Estado que seguiron o impactante caso do petroleiro e as súas consecuencias dende o punto de vista medioambiental, económico, social e mediático.

O ciclo de conferencias –tódolos xoves ás 20.00 horas- estará dividido en tres bloques ben diferenciados. O primeiro deles está adicado ó movemento civil, ós mecanismos de organización social da cidadanía para encarar pola súa conta ós efectos da marea negra: fornecemento de alimentos e aparellos, distribución de tarefas nos peiraos, servizos de limpeza, etc. O segundo deles é o bloque científico e medioambiental, e conta co apoio e coordinación da Comisión de Coordinación Científica sobre verquidos mariños accidentais (CCC) e a Real Academia de Ciencias Experimentales, Físicas y Naturales (RACEFN). O coordinador do bloque medioambiental é o xeólogo Federico Vilas, membro da RACEFN e secretario da CCC. Non era posible facer unha selección de mellores especialistas nesta materia.

O terceiro apartado centrarase nos aspectos sociolóxicos, económicos e mediáticos que se veñen producindo dende o accidente de petroleiro ata hoxe. Este bloque contará con tres conferencias adicadas ós cambios legais, socioeconómicos e políticos que sucederon ó Prestige. Non se trata, en definitiva, de falar do sinistro senón da evolución do mesmo neste tempo.

O ciclo de conferencias foi presentado polo director do Museo, Pablo Carrera, que explicou a necesidade do paso de tempo para analizar con máis criterio a evolución do sinistro para o medio ambiente e a sociedade galega. “Era a nosa obriga –sinalou Carrera- encabezar este debate sereno sobre os efectos da traxedia do Prestige, que foi a marea negra máis importante do mundo”. O director do Museo, biólogo mariño, recalcou que hoxe é preciso facer unha comparación entre a Galicia previa ó accidente e a Galicia actual.

Programa

‘Limpeza e solidariedade: o movemento social visto polos protagonistas’

27 de outubro

Xosé Luis Domínguez, xefe da Policía Local de Cangas

Xosé Luis Barreiro, axente da Brigada Verde do Concello de Cangas

Pablo Villar, xerente da Confraría de Cangas

Pío Millán, concelleiro de Medio Ambiente de Cangas (xerente da Mancomunidade do Morrazo en novembro de 2003)

‘O Prestige: a razón da ciencia’

3 de novembro

Rosa Chapela, especialista do Centro Tecnolóxico do Mar, de Vigo. Falará sobre a “A coordinación da investigación e breve síntese da resposta legislativa da UE en materia de seguridade marítima”

Dr. Victoriano Urgorri. O profesor da Facultade de Bioloxía de Compostela é responsable da estación de bioloxía mariña da Graña é membro da devandita comisión CCC. Segundo os propios profesionais, é un dos maiores coñecedores do medio mariño galego. Falará sobre o “Impacto nas comunidades do intermareal rochoso e a súa recuperación”.

10 de novembro

Dr. Joan Albaiges, especialista do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e vicepresidente da CCC. Falará sobre “O verquido do Prestige tres anos despois: coincidencias e contrastes”.

Dra. Beatriz Morales, especialista do CSIC e presidenta da CCC. A súa charla explicará a resposta que deu a comunidade científica ante o Prestige.

17 de novembro

Dra. Gemma Ercilla, especialista do CSIC. “Riscos xeolóxicos no medio mariño. O caso Prestige”.

Dr. Francisco Sánchez, especialista do Instituto Español de Oceanografía. Falará da evolución das poboacións bentónicas do litoral no norte español cunha conferencai que terá como título . “A pegada do Prestige nos fondos da plataforma continental e nos recursos pesqueiros”

“O acontecemento. Un feito total”

24 de novembro

Zelia García. Xornalista, responsable de prensa de Nunca Máis e membro do Movemento polos dereitos Civís, falará do impacto mediático e do drama vivido por moitas familias. O título da súa conferencia será: “A marea de resposta social, unha ollada tres anos despois ao movemento”

1 de decembro

Fernando González Laxe. Economista, director da Cátedra de Estudos Marítimos da Universidade da Coruña. É responsable de dirixir diversos estudos socioeconómicos sobre a influencia do accidente marítimo en Galicia. Ofrecerá unha visión global sobre o impacto do Prestige. "Instrumentos e mecanismos institucionais ante as catástrofes marítimas"

15 de decembro

María do Carmo García Negro. Economista do departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago, que ten feito diversos traballos e publicacións sobre o impacto económico a medio a longo prazo dos últimos accidentes marítimos en Galicia (Mar Exeo...). Centrarase nas repercusións económicas do suceso cunha conferencia titulada 'Efectos do Prestige na economía pesqueira galega. Estado actual da cuestión'.